



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE MARZO DE 2017

### LICENZAS

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1344/2016.- ERNESTO GONZÁLEZ FERREIRA.-** Conceder a licenza para a reforma da cuberta dun inmobile sito na rúa de Vidán nº 60.

**LIC/1017/2016.- RAUL DIAZ CASTRO.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en documento público e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar Valado do Eixo (O), Políg. 516 Parc. 1617 – 1618

**LIC/1808/2016.- MIGUEL OTERO OTERO.-** Conceder a licenza para restauración de vivenda unifamiliar adousada en rúa Lamas de Abade nº 71.

#### **RECURSO DE REPOSICION.-**

**LIC/1823/2015.- MANUELA DOLORES MARTINEZ GONZÁLEZ.-** Rexeitar o recurso de reposición presentado e manter a aplicación da suspensión de licenzas acordada na Xunta de Goberno Local de 25 de novembro de 2016.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza para a reforma da cuberta dun inmobile sito na rúa de Vidán nº 60. LIC/1344/2016.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en documento público e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar Valado do Eixo (O), Políg. 516 Parc. 1617 - 1618. LIC/1017/2016.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza para restauración de vivenda unifamiliar adousada en rúa Lamas de Abade nº 71. LIC/1808/2016.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao rexeitamento do recurso de reposición presentado e manter a aplicación da suspensión de licenzas acordada na Xunta de Goberno Local de 25 de novembro de 2016. LIC/1823/2015.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao alleamento mediante concurso público con procedemento aberto da participación municipal na parcela denominada Quinteiro 2 do SUP-1 Romero Donallo.** Acórdase allear mediante o procedemento de concurso público con procedemento aberto a participación municipal do 59.948% da parcela denominada Quinteiro 2 do Proxecto de Compensación do SUP-1 de Romero Donallo polo prezo de 3.112.576,01 euros máis IVE. Acórdase iniciar o expediente de licitación, que será publicado no BOP e no DOG para que se poidan presentar ofertas no prazo de 45 días naturais.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de horario de peche nunha hora dos establecementos hostaleiros asociados, durante as festas de Semana Santa e Ascensión 2017, solicitado pola Asociación de Hostelería Compostela.** Infórmase favorablemente a ampliación nunha hora do horario de peche dos establecementos de hostalería coincidindo coas seguintes datas:

\_As noites que van dos días 6 ao 16 de abril de 2017, como consecuencia do incremento na afluencia de turistas nas festas de Semana Santa.

\_As noites que van do 22 ao 28 de maio de 2017, con motivo das Festas da Ascensión.

**8.- Proposta da Alcaldía relativa á recepción das obras do "Proxecto de remodelación do trazado da curva vial M-8, Son de abaixo - Ponte Alvar en Marzo de Arriba 17.- (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)". Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á subrogación da sociedade limitada TABERNA ABASTOS 2.0, S.L. na titularidade das casetas do Mercado de Abastos CE13, CE14, CE15, CE16, CE17, CE18.** Apróbase a proposta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á recepción da Fase 1 da urbanización do polígono único do sector 1 do SUNP-31 de San Marcos.** Autorízase a recepción da fase 1, coas seguintes condicións:

\_Previo ao remate da segunda fase da urbanización deberá adaptarse o centro de mando do alumeadado público ao normalizado do Concello

\_Nun prazo non superior a un mes deberá achegarse a certificación da inspección das instalacións polo Organismo de Control Autorizado debendo procederse a continuación, por parte da Xunta de Compensación, ao cambio do titular do contrato de subministro de enerxía ao nome do Concello de Santiago.

\_Co obxecto de garantir o subministro de auga potable para o normal subministro das vivendas das futuras ampliacións da urbanización denominada Fase I é preciso executar unha perforación horizontal dirixida, dende o subtramo final actual que queda sen conectar ata a rede coa tubaxe máis próxima de FD de 100 mm para subministrar a parcela dende outro depósito de cabaceira distinto, polo que procede a constitución dunha garantía dos gastos de urbanización precisos para completar o servizo de abastecemento de auga pola cantidade de 8.782,58 euros, IVE engadido.

Ademais, antes de formalizar a acta de recepción acreditarase a constitución pola Xunta de Compensación das seguintes garantías:

\_Garantía dos gastos de urbanización precisos para completar o servizo de abastecemento de auga potable, pola cantidade de 8.782,58 euros (IVE engadido)

\_Garantía do 10% das obras de urbanización pendentes de execución no conxunto do polígono.

**2.-Proposta de alcaldía relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Tempo con Xeito.** Apróbase o convenio para a celebración de actividades durante os meses de abril, maio e xuño de 2017

**3.- Proposta de alcaldía relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Cidade Vella.** Apróbase o convenio para a celebración de actividades durante os meses de abril, maio e xuño de 2017

**4.-Proposta da concelleira delegada de Benestar Animal relativa á aprobación da xustificación presentada do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais relativo ao ano 2016.** Apróbase a xustificación da achega de 158.350 euros.

**5.-Proposta da concelleira delegada de Benestar Animal relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais.** Apróbase a proposta.

**6.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde relativa á contratación, mediante procedemento aberto, do Servizo de Vixilancia e Seguridade nas instalacións da Unidade Municipal de Atención ao Drogodependente (UMAD).** Apróbase o inicio do procedemento de adxudicación do contrato por un prazo máximo de tres anos e cun orzamento de licitación de 39.192,34 euros/ano (IVE aparte)

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a dar conta da corrección de erro material subsanado no acordo da Xunta de Goberno de data 24/03/2017 relativo á autorización para o inicio dos trámites que concluirán coa cesión da titularidade da explotación en réxime de concesión do aparcamento subterráneo da Praza de Vigo.** Dase conta.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia para dar conta da incorporación dun novo operador postal para a xestión das notificacións derivadas dos expedientes sancionadores de tráfico de cuxa tramitación é adxudicataria a empresa**

SCI. Dase conta.

**9.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á transmisión dunha caseta da Praza de Abastos por xubilación da persoa titular.** Apróbase a proposta.

**10.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á permuta de dúas casetas da Praza de Abastos entre as súas persoas titulares.** Apróbase a proposta.

**11.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á transmisión dunha caseta da Praza de Abastos por xubilación da persoa titular.** Apróbase a proposta.

**12.-Proposta delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á apertura do procedemento de desafectación de inmovible para a realización de diversas actividades de formación laboral do departamento de emprego.** Apróbase a solicitude da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación a autorización de desafectación do inmovible do antigo grupo escolar de Amio por deixar de ser necesario para o desenvolvemento do servizo público de ensino básico.

**13.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación do programa “Bailamos” do departamento de Relacións Veciñais.** Apróbase o programa, por un importe de 4.356 euros. Os bailes celebraranse nos meses de abril, maio e xuño, nos centros socioculturais de Fontiñas e Vite e na Casa das Asociacións de Cornes.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do Programa Municipal de Conciliación para a Semana Santa.** Apróbase o programa, dirixido a nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de Semana Santa, os días 10, 11, 12 e 17 de abril, en horario de 9.00 a 14.00 horas. Tamén se ofrecerá servizo de madrugadores con almorzo (de 7.45 a 9.00) e servizo de comedor (de 14.00 a 16.00). As actividades desenvolveranse no CEIP Raíña Fabiola e no CEIP das Fontiñas.